

MOCIÓN DE ESQUERDA UNIDA DE REDONDELA PRESENTADA POR AER PARA POÑER FIN Á PROHIBICIÓN SOBRE A ARTE DO XEITO

PLENO 18 DECEMBRO 2014. ACTA 18/2014

Trala publicación o 8 de outubro deste mesmo ano, onde se recolle o peche definitivo no resto do transcurso anual sobre a explotación da sardiña, o arte do xeito vese gravemente ameazada.

Son máis de 1.000 familias as adicadas e dependentes a esta forma artesanal de pesca. Unha pesca que en absoluto ten que ver coas grandes explotacións industriais, xa non só pola maneira de traballar, senón, e o máis relevante do asunto, non ten peso no TAC e pouco impacto medioambiental conleva traballar ao xeito.

O xeito, tradición pesqueira na nosa cultura marítima, traballa ás portas das rías, no que a Xunta ten absoluta competencia ao ser considerada como augas interiores, mentres que a prohibición da explotación agrega as competencias estatais sobre as augas exteriores, dando maior peso ás explotacións industriais, que son as que traballan nestas zonas de acción.

Así, non é comparable que a prohibición atinxa a ambas formas de pesca, polo que non é xusto que se aglutine por igual aos xeiteiros que ás industrias de grandes buques.

Por todo o exposto Esquerda Unida de Redondela propón ao pleno do Concello de Redondela o seguinte acordo :

O Concello de Redondela insta á Xunta de Galicia a facer vixente o Estatuto de Autonomía que recolle no Título II (das competencias de Galicia), Capítulo I o artigo 27 que recolle como competencia exclusiva “A pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo, a acuicultura, a caza, a pesca fluvial e lacustre”, e así poñer fin á prohibición que se vai a aplicar sobre a arte do xeito, de forma que de forma inmediata se decrete a posibilidade de pesca da arte do xeito.

VOTACIÓN E ACORDO.-

*Sometida a moción a votación, **rexéitase** por maioría dos/as concelleiros/as, sendo dezanove votos en contra (10 do PP, 7 do PSdeG-PSOE e 2 do BNG) e un voto a favor (1 de AER).*